



## CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradelas (Lugo)  
Telf.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32  
E-mail: [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es)

### ORDENANZA FISCAL Nº 18

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE TANATORIO MUNICIPAL

##### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15.1, 16, 20.1.B.b) e 4.p) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola prestación do servizo de Tanatorio Municipal”, que rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

##### **Artigo 2.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do servizo de Tanatorio Municipal, en canto establecemento funerario habilitado como lugar de etapa do cadáver, entre o lugar de falecemento e o de inhumación ou cremación, debidamente acondicionado e disposto para a exposición e velorio de cadáveres.

##### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da presentación do servizo.

##### **Artigo 4.- Responsables**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

##### **Artigo 5.- Exencións subxectivas**

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a) Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.
- b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- c) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na foxa común.



## CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradela (Lugo)  
Telf.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32  
E-mail: [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es)

### **Artigo 6.- Cota tributaria**

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

- a) Por depósito e conservación de cadáveres: Por cada depósito dun cadáver ou restos, durante dous días, nos locais destinados a depósito municipal: 50,00 € (prorrateándose por horas en fraccións superiores).
- b) Por utilización de salas de dó, durante dous días, 100,00 € (prorrateándose por horas en fraccións superiores).
- c) Sala de autopsia, 100,00 €.

### **Artigo 7.- Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose a estes efectos que dita iniciación se produce coa solicitude de aqueles.

### **Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso**

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.
2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma que será notificada unha vez que teña sido prestado dito servizo para o seu ingreso directo nas arcas municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

### **Artigo 9.- Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 10.- Normas de policía**

O Concello de Paradela velará polo mantemento da orde no recinto a que se refire o art. 2º, así como do respecto adecuado á función do mesmo mediante a esixencia do cumprimento das seguintes normas:

- O recinto permanecerá aberto ó público, como máximo, de 9 da mañá a 9 da tarde.
- Os visitantes comportaranse en todo momento co respecto adecuado ó recinto, podendo en caso contrario adoptar o Concello de Paradela as medidas legais para ordenar, mediante os servizos de seguridade competentes, o desaloxo do recinto de quen incumprira esta norma.

### **Disposición Final**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.



## CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradelá (Lugo)

Tel.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32

E-mail: [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es)